

ESCOITAR A VOZ DA XENTE

Manuel Herminio Iglesias

As elección do 1M deixaron en Galiza dúas caras ben distintas: a dos gañadores que xa extrapolan os resultados a comicios vindeiros nos que se ven con grandes ventaxas, e a dos perdedores. No caso do PSOE a primeira reflexión deu lugar a varias medidas: unha dimisión e a convocatoria dun congreso para o mes de abril. Os socialistas escoitando a voz da rúa decidiron actuar e, alomenos diante a cidadanía, dar unha imaxe de partido que escoita e resolve o problema da mellor forma posible. O BNG, pola contra, preferiu darse un tempo e primeiro debater o tema no Consello Nacional o vindeiro sábado 14. A estrutura política da formación nacionalista é distinta a dos partidos políticos clásicos e parece apropiado darse un tempo antes de tomar decisións.

Pero a voz da rúa, a xente que vota, fala e comenta espera algo máis que respostas que soan a disculpa. Sí, esa xente que necesita escoitar algo máis que xustificacións do resultado que apuntan fundamentalmente a factores externos, que os houbo, como únicos elementos causantes da derrota electoral.

Son dos que opino que, cando as decisións nas organizacións políticas son colectivas, salvando casos moi concretos, non se pode cargar todo o peso da derrota sobre un grupo ou persoa. Pero tal afirmación non xustifica minimizar un mal resultado, eludindo visualizar graves erros, ou xogando á defensiva sen afrontar a autocrítica e tomar medidas claras para endereitar o rumbo negativo que leva o nacionalismo galego. Non vale tentar voltar a unha linguaxe felizmente superada, nin a un asamblearismo populista. Non vale voltar a falar do voto cautivo, desinformado, mediatizado, e menos aquilo que nalgún momento se dixo: o voto do país colonizado.

A liña política levada polos nacionalistas non foi a errada. Camiñábase pola única das dúas sendas posibles: a da socialdemocracia nacionalista, ou á línea que pudiera entenderse como máis radical que samente fai asustar máis aos votantes que non son militantes.

Cabería entón preguntarse cales foron os erros do BNG. Escoitando as voces da rúa pódense percibir certas cousas que non gustaron, e que actuaron contra o nacionalismo. A primeira foi que se visualizou un goberno dividido. Uns presentan unha medida e, os outros, por outro lado, outra. A pregunta na rúa era a seguinte: temos dous gobernos na Xunta, ou dous compartimentos estancos que falan case sempre en linguaxe distinta. Tamén se visualizou certa arrogancia e prepotencia nos cargos públicos da Xunta e nalgúns municipais: Houbo certo fanfarroneo, publicidade esaxerada, e menosprecio do adversario político, eso sin esquecer que, nalgúns casos, amparados no dereito á privacidade, percibiuse tamén unha vida licenciosa que non era o que esperaba a xente dos representantes Bloque. Ese abuso do coche oficial, esa forma de divertirse é un nefasto espello para moitos cidadáns, e é unha actitude que avergoña a moitos militantes e simpatizantes do nacionalismo. Non digamos aos demais cidadáns. Polo que é moi necesario un código ético para os cargos públicos.

Notouse paseniñamente a separación entre os cargos públicos e a xente da rúa. Entre o goberno e os administrados. En fin, que no BNG non samente se perderon votos pola influencia da campaña marrulleira e dura que fixo o adversario e algúns medios de comunicación. Perdéronse apoios pois, en moitos casos, non se soupo explicar o traballo realizado, nin contrarrestar contundentemente a mensaxe falsa destes, nin visualizar os proxectos e logros acadados.

Por eso, si corrixir é de sabios, supoño que no BNG a autocrítica é sumamente necesaria e aportará solucións positivas. Amosarlle á cidadanía a disposición dunha organización política a rexenerarse e escoitar sin caer no cainismo nin no radicalismo, non nos esquezamos que aínda que dentro do Bloque hai moitos colectivos, como opcións políticas samente hai dúas alternativas; Seguir a liña do radicalismo e tirarse a unha política máis distante dos cidadáns camiñando cara o testimonialismo, ou, pola contra, seguir a línea da moderación para atraer a sectores que hoxe son esquivos ao nacionalismo. En fin, sabedor da necesidade dunha forza nacionalista, da súa utilidade para os intereses dos galegos, espero que o Bloque saiba saír desta encrucillada política e

correxir erros, para trocar a tendencia negativa que ven arrastrando e, presentarse diante os cidadáns como unha organización moderna que sabe ler o resultado das urnas.